



ERNESTO VIÉITEZ CORTIZO

PREMIOS DE INVESTIGACIÓN 2023

A Real Academia Galega de Ciencias
fai pública a trixésimo terceira edición dos **Premios
de Investigación Ernesto Viéitez Cortizo.**

Estes premios pretenden recoñecer a investigación
de maior nivel desenvolta en Galicia nas áreas de
coñecemento integradas na RAGC: Matemáticas,
Física e Ciencias da Computación, Química e
Xeoloxía, Bioloxía e Ciencias da Saúde,
Ciencias Técnicas ou Ciencias Económicas e Sociais.

PREMIOS

PREMIO para un traballo de investigación dotado con **6.000 €**.

Dúas **MENCIONES ESPECIAIS**.

O premio e as mencions especiais irán acompañados dun
diploma acreditativo para cada unha/un das/dos autoras/es.

PRAZO ABERTO

Do 20 de decembro de 2023 ata o 15 de febreiro de 2024.



RAGC/ REAL ACADEMIA
GALEGA DE **CIENCIAS**

A Real Academia Galega de Ciencias (RAGC) convoca a trixésimo terceira edición dos Premios de Investigación Ernesto Viéitez Cortizo de acordo coas seguintes bases:

1 QUEN PODE CONCORRER

Poderán concorrer todas as persoas investigadoras que presenten un traballo realizado total ou parcialmente en universidades e centros de investigación de Galicia.

As académicas e académicos da RAGC non poderán presentar solicitudes.



2 CONDICIÓNS A CUMPRIR



- Os traballos de investigación deben estar realizados nalgunha das áreas temáticas das seccións da Academia: Matemáticas, Física e Ciencias da Computación, Química e Xeoloxía, Bioloxía e Ciencias da Saúde, Ciencias Técnicas ou Ciencias Económicas e Sociais.
- Polo menos unha/un das/os autoras/es deberá ser Doutora ou Doutor.
- A/o solicitante debe ter a autoría e, en caso de ser varias persoas, contar coa autorización das/os coautoras/es.
- Só poderá presentarse unha única candidatura por solicitante.
- O traballo pode presentarse como un compendio de publicacións xa realizadas, tendo que ser alomenos algunha delas publicada con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2022. Tamén poderá presentarse un único traballo publicado ou aceptado para publicación con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2022.
- Non poderán presentarse traballos que estean concorrendo a outros certames ata o acto público de entrega de galardóns.



3 PROCESO DE PRESENTACIÓN DE PROXECTOS

A participación será tramitada de xeito telemático a través dun formulario electrónico dispoñible na web da Real Academia Galega de Ciencias (ragc.gal). O formulario consta de 4 seccións:



- 
- 
- a) **Lema** do traballo e identificación da/do solicitante e, de ser o caso, das/dos coautoras/res.
 - b) **Resumo** do traballo, en galego ou español, cun máximo de 8000 caracteres, salientando a orixinalidade do traballo e explicando a importancia dos principais resultados atinxidos.
 - c) No caso de estar xa publicado, deben proporcionarse os **indicadores de calidade** da(s) publicación(s).
 - d) Un **documento anexo co traballo** (máximo 5 MB), anónimo e identificable co lema.

4 PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo para a presentación de candidaturas comezará o 20 de decembro de 2023 e rematará o 15 de febreiro de 2024.

5 XURADO

O xurado estará constituído polo Presidente da RAGC ou persoa en quen delegue, a Secretaria da RAGC e cinco académicas/cos pertencentes a cada unha das seccións da Academia.

O xurado poderá declarar deserto o premio e as mencións especiais. O fallo do xurado será inapelable.


6 OUTRAS OBSERVACIÓNS

O proceso será completamente anónimo e a autoría será identificada unha vez seleccionados os premios.

As persoas gañadoras dos premios autorizan expresamente á Real Academia Galega de Ciencias a publicar e divulgar os seus nomes e os contidos das súas propostas a partir do momento de facerse público o fallo.

Ao premio con dotación económica aplicaranse as retencións que estean previstas na vixente norma tributaria.

O feito de concursar supón a aceptación das presentes bases e serán excluídas as persoas concursantes que non se axusten ás mesmas.





EN COLABORACIÓN CON

